

SAL. 006784 28.06.12 13:08

**INSTRUCCIÓN X/2012 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVA AO PAGAMENTO DAS RETRIBUCIÓNS PREVISTAS NOS ARTIGOS 11 E 12 DO REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 83 DA LEI 6/2001 DE UNIVERSIDADES**

O artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades establece que os grupos de investigación recoñecidos polas Universidades, os Departamentos e os Institutos Universitarios de Investigación e o seu profesorado a través dos mesmos ou dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade dedicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e á transferencia dos resultados de investigación, poderán celebrar contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

O Real Decreto 1930/1984, de 10 de outubro, regula as remuneracións que pode percibir o Persoal docente e investigador (PDI), polas actividades desenvolvidas ao abeiro do artigo 11 da LRU, hoxe en día, artigo 83 da Lei 6/2001 de Universidades.

Por outra banda o regulamento de colaboración do persoal de administracións e servizos (PAS), establece o procedemento de colaboración deste persoal nas actividades de investigación.

E, por último, o Regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005 regula, nos seus artigos 11 e 12, as retribucións e pagos aos colaboradores externos e persoal da USC pola realización de actividades desenvolvidas ao abeiro do mencionado regulamento.

Definido o marco xurídico compre agora clarificar as xestións que teñen que realizar cada un dos axentes implicados neste proceso (Investigadores principais, responsables de asuntos económicos e Area de Xestión e valorización de I+D), para o que se establece o seguinte:

**PROCEDEMENTO**

1. Os investigadores principais responsables de actividades de I+D deberán reflectir na folla resumo correspondente a cada actividade específica, a previsión de pagamentos asignados a PDI, PAS colaborador, persoal contratado, bolseiros ou colaboradores externos con participación na mesma. A cantidade consignada será a correspondente ao global previsto para o conxunto das retribucións incluíndo os custos sociais que correspondan.

Sen a devandita previsión non poderá tramitarse ningunha proposta de pago das arriba mencionadas. Así mesmo, non será posible facer nin modificar á alza a previsión de pagamentos unha vez autorizada a actividade.

Non obstante, cando o desenvolvemento da actividade de investigación así o aconselle a previsión de pagamentos poderá minorarse e/ou aplicarse a outro tipo de gasto sen necesidade de facer ningún tipo de modificación.

2. A proposta de pagamento deberá ser tramitada polo Investigador responsable da actividade, debendo existir a autorización ou retención de crédito correspondente.
3. Para poder tramitar unha proposta de pagamento a favor do persoal da USC, a entidade financiadora da actividade deberá ter abonadas todas as débedas contraídas como consecuencia da realización da mesma. Así mesmo, todas as actividades responsabilidade do investigador propoñente deberán ter regularizados os seus ingresos de acordo coa previsión correspondente.
4. As propostas de pagamento a favor do PDI da USC deberán respectar os límites establecidos polo Real Decreto 1930/1984, de 10 de outubro, que regula as remuneracións que pode percibir o PDI polas actividades desenvolvidas ao abeiro do artigo 83 da Lei 6/2001 de Universidades. A efectos de garantir este requirimento normativo, as propostas de retribución correspondentes a actividades xestionadas por FEUGA deberán ser validadas
5. Ás retribucións do PAS colaborador lles será de aplicación o *Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos en cursos e convenios de investigación*.
6. O persoal contratado e bolseiro con cargo a actividades do Capítulo VI poderá percibir:
  - a) Unha retribución complementaria como incentivo, asociada á consecución de obxectivos dentro da actividade para a que foron contratados ou nomeados. O investigador principal deberá presentar, previamente, para a súa aprobación pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D, un plan xustificativo que estableza os criterios, obxectivos ou motivacións das pautas de retribucións. Así mesmo, na proposta de pagamento deberá reflectirse, no seu caso, o cumprimento de obxectivos ou a validación dos incentivos correspondentes.
  - b) Un complemento retributivo pola realización de traballos de colaboración en actividades distintas daquelas para as que foron contratados ou nomeados. A estes efectos o investigador responsable deberá xustificar de forma expresa a actividade extraordinaria realizada e o réxime de dedicación aplicable compatible co establecido no contrato ou nomeamento do/da traballador/a.

Estas retribucións estarán suxeitas ás deducións e retencións que legalmente correspondan e non terán carácter fixo nin periódico, nos termos establecidos no artigo 12.3 do Regulamento para a realización de actividades de investigación, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005.

7. Para os efectos de facilitar e racionalizar a xestión dos pagos, salvo razóns de urxencia xustificada, non se poderán xestionar retribucións para o seu abono nos meses de xullo e decembro
8. Este procedemento será de aplicación para os pagamentos con cargo a calquera actividade de I+D con financiamento externo considerada activa, que o teña contemplado, ben no propio acordo ou ben na folla resumo correspondente. Así mesmo poderá aplicarse nos proxectos específicos de investigación derivados de convocatorias competitivas cando así estea previsto na resolución de concesión.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2012

A Xerenta



María Lourdes Batán Aira